



## FLORA E VEXETACIÓN DA TERRA CHÁ.

Antonio Rigueiro Rodríguez \*

FLORA E VEXETACIÓN  
DA TERRA CHÁ.

O Castro de Viladonga, un dos máis importantes xacementos arqueolóxicos galegos, domina, dende un outeiro de 560 m de altitude, o val no que nace o río Miño e boa parte da Terra Chá. O seu contorno corresponde ao dominio dos bosques caducifolios eurosiberianos, pero a vexetación natural está moi alterada, amosando a paisaxe vexetal actual un mosaico de parcelas de carballeira, bidueiral, bosque de ribeira – ben representado pola abundancia de cursos de auga, lagoas e humidais –, souto, piñeiral, eucaliptal, matogueiras, cultivos agrícolas e cultivos forraxeiros, predominando entre estes últimos os prados naturais e as pradeiras polifitas, que imprimen carácter á paisaxe pola súa abundancia.

A xeomorfoloxía sitúanos na meseta lucense, caracterizada pola planicie, nun intervalo altitudinal entre 400 e 600 m. Os materiais litolóxicos son pizarras, granitos, gneises, esquistos e, nas zonas máis baixas sobre todo, sedimentos de arxilas, areas e croios. Abundan os solos de tipo cambisol gleico, sobre todo nos vales e depresións, con nivel freático alto, axeitados para o establecemento de pradeiras, aínda que requiren adoito drenaxe. O clima é oceánico con matices de continentalidade; a temperatura media anual sitúase no intervalo 10-12 °C, cunha oscilación térmica anual de 11-12 °C, sendo frecuentes as xeadas invernales; as precipitacións anuais están arredor dos 1000 mm. e concéntranse no inverno, sendo importante a seca estival.

Polo que se refire ao uso do solo, e centrándonos no concello de Castro de Rei, no que se ubica o castro de Viladonga e que nos pode servir de exemplo, a superficie cultivada representa o 52% da total, sendo os cultivos forraxeiros os máis importantes, sobre todo prados naturais e pradeiras polifitas sementadas con dactilo, raigrás italiano, raigrás inglés, trevo branco e trevo violeta. Outros cultivos importantes son a pataca,

o millo para forraxe, o trigo, hortalizas e algunhas froiteiras. Xa son historia na maior parte dos lugares as tradicionais rotacións de cultivos de primavera-verán, como patacas e millo, con cultivos de inverno, nabos, ou, sobre todo, alcacén. Soamente o 16% da superficie do concello está dedicada a bosques naturais e masas arboradas artificiais.



Os prados e as pradeiras artificiais, moi abundantes na Terra Chá, imprimen carácter á paisaxe vexetal da comarca.

A paisaxe vexetal da Terra Chá sufriu modificacións importantes nos últimos tempos, primeiro coa concentración parcelaria, que eliminando rodais arborados e matogueiras homoxeneizou o escenario, reducindo de forma considerable a diversidade paisaxística. Nos últimos lustros, a repoboación forestal de moitos prados e pradeiras con piñeiros e eucaliptos, especies de crecemento rápido, está producindo un cambio radical e acelerado na paisaxe. A posible expansión no futuro próximo dos cultivos enerxéticos agrícolas e forestais poderían deixar tamén unha profunda pegada na paisaxe agroforestal da comarca.

Descubriremos de seguido as principais comunidades arboradas (bosques naturais e masas arboradas artificiais) e matogueiras que caracterizan a paisaxe forestal da comarca da Terra Chá. Tamén faremos referencia aos cogumelos de maior interese que podemos atopar nesta comarca.

### Bosques naturais

Nos bosques caducifolios mesófilos dominan as árbores estivo-folias e son comunidades de gran fermosura, xeralmente con estrutura complexa, diferenciándose estratos de árbores, arbustos – incluso ás veces un subarbustivo –, herbas e brións. O estrato arbóreo pode ser monoespecífico, como nos faias típicos, ou presentar elevada diversidade, nas carballeiras por exemplo. As plantas leñosas rubideiras, como cabrinfollos, clemátides e hedras, e os vexetais epifitos –couselos, diversos fentos e liques, por exemplo– adoitan ser abundantes. No estrato herbáceo destas comunidades son frecuentes as especies prevernais, que florecen antes da foliación do arborado, como as anémonas, morodeiras, narcisos, violetas, primaveras e mercuriais.

Son os bosques atlánticos típicos da fachada occidental europea, característicos da rexión eurosiberiana, e a súa área actual está moi lonxe da potencial, xa que gran parte dos terreos que lles corresponden están ocupados por cultivos agrícolas, prados, repoboacións forestais ou matos seriais.

Estes bosques están representados actualmente na Terra Chá polas carballeiras e bidueirais, fundamentalmente.

### Carballeiras de carballo común

Nas carballeiras de carballo común domina o carballo

do país (*Quercus robur*), tamén chamado carballo pedunculado, por ter as flores femininas e as landras sentadas sobre longos pedúnculos, e carballo auriculado, polas súas características aurículas na base da lámina foliar. É unha árbore que pode acadar 40 ou 50 m de altura, de temperamento bastante robusto e non moi esixente en fertilidade edáfica, que require terreos profundos e húmidos, polo que se localiza preferentemente nos vales e abas dos montes, sobre substratos acedos case sempre. Está presente en toda a España eurosiberiana, aínda que é máis abundante cara o poñente. Medra por case toda Galicia, dende o nivel do mar ata superar os 1000 m de altitude. É unha árbore que ocupa unhas 200.000 ha en Galicia e é común en toda a Terra Chá.

En ambientes húmidos e umbrófilos é frecuente a carballeira acidófila galaico-asturiana, na que o fento coñecido como fenta ou, en alusión á forma das súas frondes, espiña de peixe (*Blechnum spicant*) acompaña ao carballo. É un bosque oligotrofo e amante da humidade edáfica, situado preferentemente nos vales e ladeiras sombrizas. Árbores ou arbustos que adoitan acompañar ao carballo pedunculado son o pradairo, castiñeiro, bidueiro, cerdeira, sanguino, xardo, abelaira e cerqueiro.

Nas áreas de maior altitude e con maior continentalidade climática podemos atopar a carballeira acidófila con arandeira (*Vaccinium myrtillus*), bosque pechado no que o bidueiro e o castiñeiro son abundantes, podendo entrar tamén o cerqueiro.

Estas carballeiras climáticas, vítimas moitas veces dun aproveitamento abusivo e de tratamentos culturais desafortunados, están representadas hoxe nunha área moi reducida da comarca da Terra Chá, atopándose, en moitos casos, ameazadas e necesitadas de protección.

\* Catedrático do Departamento de Producción Vexetal da Universidade de Santiago de Compostela



### Bidueirais

Nos bidueirais é o bidueiro (*Betula alba*) a especie dominante, unha fermosa árbore de altura modesta que matiza a paisaxe de amplas áreas de Galicia e da Terra Chá. É unha planta frugal, acidófila, heliófila e pirófila, amante da humidade edáfica e tolerante co frío, que pode superar os 1600 m de altitude.

Esténdese en Galicia por unhas 25.000 ha, considerando as masas nas que domina e as mesturas con outras árbores, medrando na maior parte do territorio, agás nas zonas con importante influencia mediterránea. Sen embargo, só forma masas de certa entidade a partir dos 400-500 m de altitude, nalgúns casos como etapas de substitución doutros bosques – como carballeiras e ameneirais –, pero tamén poden ser formacións climáticas, sobre todo nas zonas montañosas orientais, centrais e meridionais de Galicia.

Os bidueirais da Terra Chá son formacións arboradas seriais ou de substitución. Son bosques acidófilos que substitúen ás carballeiras de carballo pedunculado cando estas son cortadas ou alcanzadas polos incendios, xa que o bidueiro, especie heliófila e pirófila, amosa excelentes estratexias neses casos para colonizar o terreo antes de que os carballos se poidan reinstalar. Nesas variantes das carballeiras domina o bidueiro, pero son frecuentes as especies características das carballeiras.

Os matos de substitución dos bidueirais son piornais ou xesteiras, toxearas, uceiras e queirogais.

### Bosques de ribeira

Na Terra Chá abundan os cursos de auga e tamén as lagoas endorreicas polo que son frecuentes estes bosques. Nas ribeiras dos cursos de auga, e tamén nalgúns zonas inundadas periódica ou permanentemente, instálanse comunidades vexetais características, as galerías arbóreas ou ripisilvas, que son bosques azonais, independentes en maior ou menor grao do clima, de significación edafohigrófila e con notable importancia paisaxística e ecolóxica.

Estas formacións fieis aos cursos de auga regulan a temperatura e luminosidade das augas, diversifican a paisaxe e matizan a súa textura, proporcionan refuxio

A demouca dos carballos para obter leña e a corta destas árbores polo pé reduciu ata niveis simplemente testimoniais a presenza das carballeiras na comarca.

Amplos territorios que corresponden aos dominios destes bosques dedícanse actualmente a cultivos agrícolas, prados e pradeiras artificiais. As cortas e os incendios favorecen a expansión dos matos seriais – piornais, xesteiras, toxearas e queirogais – que, con frecuencia, son repoboados con piñeiros e eucaliptos.

e alimento para a fauna acuática, anfibia e terrestre, son corredores que intercomunican ecosistemas, contribuíndo a conservar a biodiversidade, e actúan como filtros verdes que limitan a chegada aos cauces de augas contaminadas e arrastres sólidos. A pesares da súa importancia cortáronse en moitas ocasións, aproveitando os seus fértiles solos para instalar cultivos agrícolas, ou para substituílos por prados de sega, tan frecuentes e abundantes en toda a comarca. Outras causas de degradación destes bosques son a súa fragmentación, a canalización, a construción de encoros, a extracción de augas subterráneas, a alteración artificial dos caudais, o axardinamento para uso social, a urbanización, os asentamentos industriais nas súas proximidades, a extracción de áridos e os vertidos contaminantes.

Os bosques de ribeira ocupan unhas 25.000 ha en Galicia, sendo os máis representados, tamén na Terra Chá, os ameneirais, nos que a especie dominante soe ser o ameneiro ou amieiro (*Alnus glutinosa*), árbore silicícola que abunda entre o nivel do mar e os 1000 m de altitude. A mosca preferencia polas ribeiras dos ríos, tolerando un anegamento permanente do seu sistema radical. Pode vivir en terreos moi pobres e sen materia orgánica, debido á asociación de simbiose con microorganismos que se instalan en nódulos das súas raíces e poden fixar ata 300 kg de nitróxeno atmosférico por hectárea e ano.

Os ameneirais galaico-asturianos con valeriana (*Valeriana pyrenaica*) son frecuentes na Terra Chá. No estrato arbóreo o ameneiro está acompañado por bidueiros, abeleiras, salgueiros, freixos eurosiberianos, sanguíños e pradairos.

No estrato herbáceo dos ameirais, de cobertura elevada, abundan os xeófitos, moitos fentos entre eles, hemicriptófitos e megaforbios.

Puntualmente podemos atopar como formacións de ribeira salgueirais de salgueiro común (*Salix atrocinerea*).



Nos bosques de ribeira da Terra Chá mestúranse ameneiros, bidueiros, salgueiros, freixos e outras árbores que conviven en harmonía e matizan a paisaxe.

### Bosques artificiais

A diferenza dos bosques naturais, que se instalan sen intervención humana, os bosques ou masas arboradas artificiais teñen orixe antrópica. As masas arboradas artificiais, creadas polo home a través da repoboación forestal, que en maior medida caracterizan a paisaxe da Terra Chá son os soutos de castiñeiros, os piñeirais de piñeiro bravo e piñeiro insigne e os eucaliptais de eucalipto nitens.

### Soutos de castiñeiros

O castiñeiro (*Castanea sativa*) ocupa en Galicia actualmente, en masas puras e mesturadas, cerca de 50.000 ha, sobre todo nas montañas orientais, onde aínda é un elemento importante na paisaxe vexetal. É unha árbore de media sombra e resistente ao frío, que medra entre o nivel do mar e algo máis de 1000 m de altitude, en calquera orientación e sobre substratos silíceos ou calcarios descalcificados, en solos soltos,

húmidos, profundos e bastante fértiles, non tolerando os compactos nin os enchoupados. Pode acadar 35 m de altura e ser milenario, encontrándose en Galicia exemplares que son verdadeiros monumentos vexetais. A hipótese de que se trata dunha especie orixinaria do Mediterráneo oriental moi difundida a través do cultivo e introducida en Galicia polos romanos foise relegando, aceptándose hoxe que os romanos puideron espallalo e introducir novas variedades, pero que xa existía en Galicia como especie autóctona cando eles chegaron.

Os soutos mansos son bosques monoespecíficos de orixe artificial, constituídos por castiñeiros enxertados. Xunto cos soutos bravos, formados por castiñeiros nados de semente, ocuparon no pasado unha superficie importante por toda Galicia, e tamén na Terra Chá, debido a que a madeira do castiñeiro, de boa calidade, é moi estimada, e os seus froitos, as castañas, foron no pasado base importante da alimentación humana e do gando doméstico. Estes arboredos establecéronse case sempre en terras do dominio doutros bosques, carballeiras sobre todo.

Na Terra Chá o castiñeiro é unha árbore frecuente, formando parte de bosques naturais, sobre todo carballeiras, pero a doenza da tinta fixo desaparecer a maior parte dos soutos.

Frecuentes son tamén na comarca as repoboacións con castiñeiros híbridos (*C. x coudercii*) resistentes ao mal da tinta, que nalgúns casos se enxertan con variedades selectas de castiñeiro do país.

### Piñeirais de piñeiro do país

Algúns estudosos destes temas consideran que o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) encontrou refuxio nos períodos postglaciares nas comarcas costeiras galegas, permanecendo ata os nosos días, de ser así habería que consideralo unha especie autóctona galega. Outros consideran que desapareceu como árbore espontánea e foi reintroducido, hai uns tres séculos, procedente de Portugal.

Ao longo do século XIX incrementáronse as repoboacións forestais con esta especie, continuando a bo ritmo na pasada centuria. Nun principio, estas plantacións as realizaban fundamentalmente os propietarios de terreos particulares; máis tarde a

administración forestal tamén utilizou con frecuencia esta árbore para repoboar montes públicos e consorciados. A frugalidade e plasticidade deste piñeiro, a súa excelente adaptación ao medio galego e a súa boa rexeneración despois dos incendios, cando as árbores superan os 15-20 anos e producen semente fértil, favoreceron a expansión desta especie que, na actualidade, é a árbore que ocupa maior superficie en Galicia, en torno a medio millón de ha en masas puras e mesturadas, e a que caracteriza en maior medida a paisaxe agroforestal galega, aínda que na Terra Chá gánalle en importancia o piñeiro insigne.

### Piñeirais de piñeiro insigne

O piñeiro insigne (*Pinus radiata*), tamén chamado piñeiro americano, é orixinario da Baía de Monterrey, en California, e chegou a Galicia a mediados do século XIX. É de crecemento máis rápido que o piñeiro do país pero tamén son maiores as súas esixencias edáficas e os seus problemas sanitarios, e menor a súa resistencia ao frío. Esténdese por unhas 80.000 ha galegas, entre o nivel do mar e os 600 m de altitude fundamentalmente, sendo moi frecuente e abundante na Terra Chá.



As repoboacións forestais sobre pradeiras abandonadas, sobre todo con piñeiro insigne e eucalipto *nitens*, están mudando de xeito brusco a paisaxe vexetal da Terra Chá.

### Eucaliptais

Algunhas análises da evolución histórica recente do tapiz vexetal de Galicia atribúen a introdución en territorio galego do eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*) ao frade Rosendo Salvado, orixinario de Tui e evanxelizador de Australia dende 1846. Outras fontes consideran que esta árbore chegou á nosa terra procedente do veciño país portugués. Ao longo do século XX este eucalipto converteuse nunha árbore forestal de extraordinaria importancia en Galicia, debido á súa rusticidade, plasticidade e rápido crecemento.

As repoboacións con eucaliptos xeneralizáronse no norte de España a partir de mediados do século pasado, correspondendo case sempre a iniciativa a propietarios particulares de terreos forestais. O eucalipto branco, en masas puras e mesturadas, ocupa na actualidade unhas 300.000 ha, pero é unha especie escasa na Terra Chá, xa que é unha árbore pouco resistente ao frío, sensible ás xeadas. Abunda máis nesta comarca o *Eucalyptus nitens*, tamén de orixe australiana, resistente ao frío, que se ven utilizando adoito nos últimos lustros na repoboación forestal nesta comarca.

Outras especies foráneas, como o piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*), o carballo americano (*Quercus rubra*), os chopos (*Populus spp.*) ou a nogueira americana (*Juglans nigra*) van entrando timidamente na paisaxe forestal da Terra Chá a través das repoboacións forestais.

### Matogueiras

As matogueiras seriais ou de substitución - ocupan terreos que corresponderían ao dominio dos bosques naturais - máis frecuentes na Terra Chá son as xesteiras, uceiras e queirogais con toxos.

A comunidade mellor representada de xesteira é a *Cytisetum scopario-striati*, na que entran a xesta negra (*Cytisus scoparius*), a xesta castiza (*Cytisus striatus*) e, en menor proporción e puntualmente, a xesta branca (*Cytisus multiflorus*), de ambientes de tendencia mediterránea, e o piorno ou pudia (*Genista florida*).

Das uceiras destacamos formacións de uz branca (*Erica arborea*), acompañada de fento común (*Pteridium aquilinum*), e a asociación *Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis*, na que dominan a carqueixa

(*Pterospartum tridentatum*) e a uz moura (*Erica australis*).

Pero a matogueira máis abundante é a toxeira-queirogal (*Ulici europaei-Ericetum cinerea*), con toxo arnal (*Ulex europaeus*), toxo femia (*Ulex gallii*), queirogas (*Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica*), fento común (*Pteridium aquilinum*), silvas (*Rubus spp.*), herba das sete sangrías (*Lithodora prostrata*), etc.

En ambientes máis húmidos aparece a comunidade *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*, con *Cirsium filipendulum* e *Erica ciliaris*, e en zonas de braña entran os breixos máis higrófilos: *Erica mackaiana*, *Erica tetralix* e *Erica vagans*.



A queiroga maior (*Daboecia Cantabrica*) é unha planta frecuente nas matogueiras seriais da Terra Chá.

### Cogumelos

O clima e os ecosistemas naturais e artificiais presentes na Terra Chá son propicios para o desenvolvemento dos fungos, pero debemos lembrar que os cogumelos constitúen un mundo apaixonante ao que hai que achegarse con prudencia, xa que, xunto a especies comestibles de delicado aroma e agradable sabor, conviven estirpes tóxicas, algunhas incluso mortais. E a única regra válida para evitar intoxicacións é o coñecemento das especies máis importantes, comestibles e venenosas.

### Cogumelos de prados, xardíns e leiras de cultivo

Nestes medios, tan abundantes na Terra Chá, soe ser abundante a materia orgánica procedente de dexecións do gando, fertilización orgánica e restos vexetais, polo que predominarán as especies fúnxicas saprófitas, que viven sobre materia orgánica morta, da que se alimentan.

Os champiñóns (xénero *Agaricus*) caracterízanse por presentar anel, pero non volva, laminiñas rosadas que se escurecen co tempo e esporas violáceas. Nos prados son frecuentes especies tan interesantes como o champiñón silvestre (*A. campestris*), con carne que se torna algo vermella en contacto co aire, e a bola de neve (*A. arvensis*), de maior tamaño, olor anisado e cutícula branca que amarelea ao roce.

Debe evitarse a confusión de estas especies, comestibles de boa calidade, con *A. xanthodermus*, champiñón de aroma fenólico desagradable e carne que amarelea ao corte (de forma moi intensa na base do pé), xa que se trata dunha especie tóxica cuxa inxestión ocasiona trastornos de tipo gastrointestinal que poden ser severos. *Macrolepiota procera* é frecuente na comarca, o seu carpóforo, que é comestible, recibe nomes vulgares diversos (zarrota, cerrote, cogordo, choupí, patamela, frade, monxo), e trátase dun cogumelo de gran tamaño con estípite moi fibroso, bulboso na base pero sen volva, percorrido por un anel móbil e consistente, cunha ornamentación zigzagante de cor parda; píleo mamelonado, cun característico pezón central, e de cor crema, con escamas pardo escuras, e himenio formado por laminiñas libres de cor crema.

No xénero *Coprinus* atopamos cogumelos delicuescentes – autodestrúense trala madurez, convertíndose nun líquido viscoso de cor negruzca –, con sombreiro tubuloso ou acampanado, himenio de laminiñas libres, esporas negras e pé oco e anelado, cun anel que con frecuencia é fugaz; en *C. comatus*, cogumelo comestible e apreciado, o píleo é tubuloso, branquecino e escamoso.

Tamén son frecuentes nestes hábitats outras especies de fungos produtores de cogumelos comestibles, como a sendeiriña (*Marasmius oreades*), que forma corros de bruxas nos campos de gramíneas e amosa un sombreiro pequeno, marrón e mamelonado, un pé moi fibroso e esvelto, sen anel nin volva, e himenio laminar con laminiñas libres. No pé azul (*Lepista nuda*) predominan as tonalidades azuladas ou lilacinas, tanto na cutícula como no himenio, que é laminar, e no estípite, carente de volva e anel; é un cogumelo apreciado.



A zarrota ou cerrote (*Macrolepiota procera*) é un cogumelo saprófito comestible, común nos prados e terras cultivadas.

### Cogumelos dos bosques

Entre os bosques e masas arboradas da Terra Chá, os máis interesantes dende a perspectiva micogastronómica son os piñeirais de piñeiro do país, os soutos de castiñeiros e as carballeiras.

Nas amanitas (xénero *Amanita*) o carpóforo presenta volva na base do pé, case sempre anel, xeralmente fixo, himenio laminar e esporada branca. A oronxa verde (*A. phalloides*) é unha especie tóxica moi perigosa cuxa inxestión pode resultar letal; é frecuente en masas arboradas de diversos tipos e os seus carpóforos soen presentarse con píleos verdosos, volva membranosa branca e himenio, estípite e anel da mesma cor. A amanita matamoscas (*A. muscaria*), especie tóxica moi abundante na comarca, especialmente nos bidueirais, presenta sombreiro vermello con espullas brancas (restos do velo universal), volva fariñenta branca, que ascende polo pé formando rebordes concéntricos, e estípite, anel e himenio da mesma cor. Moi abundantes son tamén en bosques diversos a francesiña (*A. citrina*), comestible mediocre que pode confundirse coa oronxa verde, de cutícula amarela e volva membranosa co borde moi ben definido (circuncisa), e a amanita pantera (*A. pantherina*), tóxica, de sombreiro pardo coa marxe estriada, con verrugas brancas e volva fariñenta que ascende polo pé formando rebordes helicoidais; esta última especie pode confundirse con *A. rubescens*, a amanita viñosa, cogumelo comestible unha vez cocinado (nunca cru), que ten volva reducida a escamas, cutícula de marxe lisa de cor parda rosácea e carne que se torna algo vermella ou rosada en contacto co aire.

Os carpóforos de *Lactarius* teñen himenio laminar, con laminiñas decurrentes, carne granulosa, non posúen anel nin volva e no seu interior levan tubos lactíferos polos que circula un líquido (látex), que pode ser branco, amarelo, verdoso, alaranxado ou vermello, incluso pode cambiar de cor en contacto co aire, o que sucede nalgunhas especies. Os niscalos, lactouros ou fungos da muña (*L. deliciosus*, *L. semisanguifluus*, *L. sanguifluus*) son cogumelos de piñeirais apreciados dende o punto de vista gastronómico; o seu látex é alaranxado ou vermello.

No xénero *Russula*, as netorras, os carpóforos son parecidos aos de *Lactarius*, pero soen ter cores máis vivas, con frecuencia as laminiñas non son decurrentes

e, sobre todo, carecen de látex. *R. cyanoxantha*, con cutícula xeralmente violácea e *R. virescens*, de tonalidades verdosas, son dúas especies de boa calidade, frecuentes nos bosques da Terra Chá.

Os cogumelos do xénero *Tricholoma* teñen carne fibrosa, himenio formado por laminiñas escotadas e estípite sen volva que pode levar ou non anel; en Galicia as especies máis apreciadas reciben o nome de tortullos. Nos piñeirais de piñeiro do país abunda unha especie interesante que non posúe anel: a capuchiña (*T. portentosum*), con sombreiro gris escuro percorrido por febríñas radiais anegradas e laminiñas e estípite de cor branca amarelada ou branca grisácea.

No xénero *Boletus* atopamos carpóforos con himenio de consistencia esponxosa, formado por tubos diminutos que se abren ao exterior a través de poros redondeados ou poligonais; nunca teñen volva, amosando anel algunhas especies. As andoas ou bolouros (*B. edulis*, *B. pinophilus*, *B. reticulatus*, *B. aereus*) son cogumelos dos máis estimados e con gran importancia económica en Galicia e na Terra Chá, son de considerable tamaño e teñen cutícula parda ou granate, non posúen anel, a súa carne é branca ao corte e non cambia de cor en contacto co aire, e presentan sobre o estípite unha ornamentación reticulada; o primeiro crece en todo tipo de bosques, o segundo prefere os piñeirais, e os outros dous son máis frecuentes en bosques de frondosas. Entre as especies de pé anelado abundan nos piñeirais de piñeiro insigne *B. luteus*, cogumelo comestible con carne de cor amarela inmutable. A carne dos carpóforos de algunhas especies deste xénero toma unha tonalidade azulada en contacto co aire, circunstancia que non é indicadora de toxicidade. Isto sucede, por exemplo, en dous boletos comestibles cosmopolitas e moi abundantes nos bosques da terra Chá, *B. erythropus* e *B. badius*, non anelados os dous, con himenio e estípite de tonalidade avermellada o primeiro, e con poros amarelos e pé de cor coiro o segundo.

A cantarela ou chantarela (*Cantharellus cibarius*), frecuente en bosques de frondosas e de coníferas, ofrécenos cogumelos de gran interese culinario. Son de cor alaranxada, sen volva nin anel, de carne consistente con aroma afroitado e seu himenio está constituído por veas ou pregues decurrentes, ramificados e separados.



Os bolouros ou ándoas (*Boletus gr. edulis*) son cogumelos comestibles de bosques, tanto de coníferas como de frondosas, e teñen gran importancia económica na Terra Chá.

*C. tubaeformis* tamén é comestible de calidade e ten o pé oco e a cutícula parda.

Nos bosques de frondosas, piñeirais e eucaliptais abunda a lingua de vaca (*Hydnum repandum*), con carpóforos resistentes ao frío, de cor branquecina ou marrón clara e carne consistente, ás veces con sabor amargo que se elimina fervéndoos en agua ou leite. Non posúe volva nin anel e a súa característica morfolóxica máis salientable é o himenio formado por diminutos conos, a maneira de papilas ou aguillonciños de cor clara, que se dispoñen na parte inferior do píleo.

Nos bosques, ademais dos fungos que crecen no solo, tamén os hai que viven sobre a madeira das árbores. Entre as especies lignícolas que fructifican en cogumelos comestibles e que poden verse na Terra Chá podemos citar o fígado de boi (*Fistulina hepatica*), de cutícula vermella e himenio con poros brancos, que medra nos troncos de castiñeiros e carballos, e os cogumelos dos chopos (*Agrocybe aegerita*, *Pleurotus ostreatus*), que viven sobre chopos e salgueiros fundamentalmente.

## BIBLIOGRAFÍA

CASTRO, M., 2000. *Guía dos cogumelos comúns de Galicia*. Ed. Xerais, Vigo.

RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A.; SILVA PANDO, F. J., 1992. *Guía das árbores e bosques de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo

RIGUEIRO, A., 1997. *A Paisaxe Agroforestal de Galicia: Os Bosques*. Universidade de Santiago de Compostela.

RIGUEIRO, A. (Coordinador), 1999. *Los Caminos Jacobeos en Galicia: Paisajes*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

XUNTA DE GALICIA, 2001. *O Monte Galego en Cifras*. Consellería de Medio Ambiente.

GARCÍA GONZÁLEZ, I.; CASTRO CERCEDA, M. L.; FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN, F. J.; CABO REY, L.; RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A., 2002. *Fungos*. En: *Proyecto Galicia/Natureza*, Tomo XLI, Botánica: 237-378. Hércules de Ediciones. A Coruña.